

1,2,3: INMERSIÓN NO MUNDO DA APRENDIZAXE DA MEDIDA EN PRIMARIA.

DARRIBA YÁÑEZ, JACOBO
RODRÍGUEZ VIVERO, DOLORES
Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

O obxectivo que se persegue con esta comunicación é amosar unha experiencia de aula sobre a ensinanza e aprendizaxe da medida en sexto curso de Educación Primaria do CEIP “Lagostelle” de Guitiriz realizada no contexto do Prácticum II “Centro Escolar e o seu Contexto: Proxectos e Prácticas” do Grao de Mestre/a en Educación Primaria.

Para realizar esta práctica leváronse a cabo tarefas non clásicas de ensino e aprendizaxe deste eido das Matemáticas. O proxecto estruturouse do seguinte xeito:

- Análise das ideas previas sobre o ensino e aprendizaxe da medida.
- Investigación de unidades e instrumentos de medida tradicionais empregados na contorna dos alumnos.
- Uso de unidades de medida antropométricas para determinar a cantidade de magnitude de lonxitude. Comprobación empírica da necesidade dunha unidade de medida estándar para a medida da lonxitude.
- Uso de diversos instrumentos de medida no laboratorio para a medición da magnitude peso. Observación da diferenza da exactitude da medida en función do aparato empregado.
- Procura de información sobre distintos matemáticos famosos da antigüidade.
- Realización da Liga Matemática das Estrelas consistente nunha gymkana matemática.
- Avaliación dos contidos teóricos e das prácticas levadas a cabo.

(Todas as explicacións de cada unha destas actividades, ademais de diversos vídeos e fotos, pódense atopar no meu blog: <http://ligamatematicadasestrelas.wordpress.com/>)

Trala observación de todo o proceso destacamos que, a pesares das dificultades atopadas no proceso (sendo a principal o excesivo tempo de preparación das actividades anteriormente citadas) conseguiuase tanto unha grande implicación por parte do profesorado, familia e estudantes, como unha grande motivación por parte dos estudantes que acadaron unha boa aprendizaxe colaborativa e significativa reflectida tanto na Liga Matemática coma na proba final de avaliación.